



Concello de Xinzo de Limia

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2022/8	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	<i>27 de decembro de 2022</i>
Duración	Desde as 9:00 ata as 10:35 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello
Presidida por	elvira LAMA fernandez
Secretario	Marta María Gómez Ruiz

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
34985977X	ANTONIO FERNANDEZ VEIGA	SÍ
34997410N	Amador Diaz Penin	SÍ
34984024N	JOSE ALBERTO MARTINEZ MORALES	SÍ
46506299T	MANUEL CABAS LOPEZ (Asiste vía telemática)	SÍ
34957758N	MANUEL PEREZ CAMPOS (Asiste vía telemática)	SÍ
76704603V	MARIA DOLORES CALVO LOPEZ	SÍ
44455043E	MONTSERRAT LAMA NOVOA (Asiste vía telemática)	SÍ
34977248K	RAMIRO RODRIGUEZ SUAREZ	SÍ
34954787P	RAMON GOMEZ SALGADO	SÍ
76709485T	RICARDO SIEIRO OPAZO (Asiste vía telemática)	SÍ
44459813P	Rafael Penabad Gonzalez	SÍ





Concello de Xinzo de Limia

52613923C	SILVIA BLANCO CUQUEJO	SÍ
34944140X	elvira LAMA fernandez	SÍ

Asiste a **Adxunta a Secretaría dona M.^a Dolores Fernández Salgado, a Sra. Interventora dona Esther Testa Portomeñe** e o informático municipal **Jorge Luís Gómez Yáñez**.

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación das actas das sesións anteriores:

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A **Sra. Presidenta** pregunta aos asistentes se existe algunha obxección ás actas das sesións celebradas os días **03/11/2022 e 18/11/2022**.
Sometidas a votación **resultan aprobadas por unanimidade as actas referidas**.

Expediente 2079/2020. Ratificación da Terceira Addenda modificativa do convenio entre a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, O.A. e o Concello de Xinzo de Limia para análise e actuacións das infraestruturas hidráulicas asociadas ao Mosteiro do Bon Xesús de Trandeiras”:

Favorable **Tipo de votación:** Ordinaria
A favor: 8, En contra: 0, Abstencións: 5, Ausentes: 0

Consta no expediente o **Ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade**, do día 22/12/2022, do seguinte teor literal:

“(…) **Vista a Proposta da Alcaldía, de data 19/12/2022, do seguinte teor literal:**

“(…) Visto o escrito remitido pola Confederación Hidrográfica en relación á **“Terceira Addenda modificativa do convenio entre a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, O.A. e o Concello de Xinzo de Limia para análise e actuacións das infraestruturas hidráulicas asociadas ao Mosteiro do Bon Xesús de Trandeiras”**.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 25/11/2022, do seguinte teor literal:

“(…) **Expediente 2079/2020. ESCRITOS E ASUNTOS DIVERSOS: Terceira Addenda modificativa do convenio entre a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, O.A. e o Concello de Xinzo de Limia para análise e actuacións das infraestruturas hidráulicas asociadas ao Mosteiro do Bon Xesús de Trandeiras:**

Visto Convenio entre a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, O.A. e o Concello de Xinzo de Limia para a financiación, execución e entrega das obras de “Análise e actuacións de consolidación das infraestruturas hidráulicas asociadas ó Mosteiro de Bon Xesús de





Concello de Xinzo de Limia

Trandeiras" aprobado por acordo plenario de data 19/06/2020 e asinado en data 10/02/2021 (BOE nº55 de 5/03/2021).

Vista Addenda modificativa do mentado Convenio aprobada por acordo plenario de data 22/12/2021, a cal recolle a seguinte distribución por anualidades de gasto:

ADMINISTRACIÓN	1ª anualidade	2ª anualidade	3ª anualidade	TOTAL
CHMS, O.A.	64.000,00	96.000,00	800.000,00	960.000,00
Concello Xinzo de Limia	16.000,00	24.000,00	200.000,00	240.000,00
TOTAL	80.000,00	120.000,00	1.000.000,00	1.200.000,00

Vista Segunda Addenda modificativa do Convenio entre a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, O.A. e o Concello de Xinzo de Limia para a financiación, execución e entrega das obras de "Análise e actuacións de consolidación das infraestruturas hidráulicas asociadas ó Mosteiro de Bon Xesús de Trandeiras" aprobada por acordo plenario de data 18/05/2022 e asinada en data 08/07/2022, a cal recolle a seguinte distribución por anualidades de gasto:

ADMINISTRACIÓN	2021	2022	2023	2024	TOTAL
CHMS, O.A.	7.179,87	14.397,49	729.922,64	72.000,00	823.500,00
Concello Xinzo de Limia	1.794,97	602,51	81.102,52	8.000,00	91.500,00
TOTAL	8.974,84	15.000,00	811.025,16	80.000,00	915.000,00

Visto o acordo plenario de data 03/11/2022, por medio do cal se aprobou o "**Proxecto de construción de actuacións de consolidación de infraestruturas hidráulicas asociadas ó Mosteiro do Bon Xesús de Trandeiras**".

Visto o escrito remitido pola **Confederación Hidrográfica Miño-Sil** o día 21/11/2022 (nº 2022-E-RC-6766), ao que xuntan a terceira addenda modificativa do convenio entre a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, O.A. e o Concello de Xinzo de Limia para análise e actuacións das infraestruturas hidráulicas asociadas ao Mosteiro do Bon Xesús de Trandeiras, modificando o Anexo "Anualidades previstas", de acordo cos seguintes importes:

ADMINISTRACIÓN	2021	2022	2023	2024	TOTAL
CHMS, O.A.	7.179,87	16.524,64	450.000,00	349.795,49	823.500,00
Concello Xinzo de Limia	1.794,97	838,86	50.000,00	38.866,17	91.500,00
TOTAL	8.974,84	17.363,50	500.000,00	388.661,66	915.000,00

Visto o informe da *Técnica de Emprego*, de data 21/11/2022.

Visto o informe de *Intervención e Secretaría*, de data 24/11/2022.

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade dos membros asistentes, o seguinte:

- 1) Tomar razón da citada Addenda e do referido informe.**
- 2) Prestar conformidade á terceira Addenda modificativa do convenio entre a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, O.A. e o Concello de Xinzo de Limia para a financiación, execución e entrega das obras de análises e actuacións de consolidación das infraestruturas hidráulicas asociadas ao Mosteiro do Bon Xesús de Trandeiras, de Xinzo de Limia.**
- 3) Notificar o presente acordo ó citado Organismo, á Técnica de Emprego, ós Departamentos de Intervención e Tesourería, e ó Departamento de Secretaría para que sexa ratificada a presente addenda na vindeira sesión plenaria.(...)"**

Visto q ue o citado informe de intervención e secretaría emitido en data 24/11/2022, indicaba a





Concello de Xinzo de Limia

necesidade de aprobación polo plenario desta addenda.

PROPONSE Ó PLENARIO:

ÚNICO. Ratificar a *Terceira Addenda modificativa do convenio entre a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, O.A. e o Concello de Xinzo de Limia para a financiación, execución e entrega das obras de análises e actuacións de consolidación das infraestruturas hidráulicas asociadas ao Mosteiro do Bon Xesús de Trandeiras, de Xinzo de Limia. (...)*"

Sen producirse debate a proposta resulta ditaminada **favorablemente**, cos votos a favor dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE (1, e 1 a Alcaldesa), co voto a favor do concelleiro do grupo municipal "ÁXIL", Ramón Gómez Salgado (1), co voto a favor dos concelleiros do Grupo Mixto Manuel Pérez Campos e Ramiro Rodríguez Suárez (2), co voto a favor da concelleira Non Adscrita Montserrat Lama Nóvoa (1), e coa abstención dos concelleiros do Grupo Municipal Popular (3), seguinte proposta de acordo:

ÚNICO. Ratificar a *Terceira Addenda modificativa do convenio entre a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, O.A. e o Concello de Xinzo de Limia para a financiación, execución e entrega das obras de análises e actuacións de consolidación das infraestruturas hidráulicas asociadas ao Mosteiro do Bon Xesús de Trandeiras, de Xinzo de Limia. (...)*"

A **Sra. Alcaldesa** abre a **quenda de intervencións:**

A **Sra. Montserrat Lama Nóvoa** anuncia o voto a favor.

O **Sr. Antonio Fernández Veiga** explica que no seu día cando se aprobou o Convenio, o seu grupo de goberno abstívose porque considerou que era máis importante realizar gasto en tema social xa que estabamos en plena pandemia, motivo polo que por razóns de coherencia absteranse novamente.

A **Sra. Alcaldesa** indica que é unha mágoa que se absteñan nunha obra na que se aportan por parte de Confederación 823.500 euros para investir no Mosteiro de Trandeiras que está na lista vermella de patrimonio por risco de derrubo.

Tralo debate a proposta **resulta aprobada**, cos votos a favor dos concelleiros do Grupo municipal socialista (2+1, a Alcaldesa), cos votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal Áxil (2), cos votos a favor do concelleiro do Grupo Mixto-BNG, Ramiro Rodríguez Suárez (1), co voto a favor do concelleiro do Grupo Mixto-XA, Manuel Pérez Campos (1), co voto a favor da Concelleira non Adscrita, Montserrat Lama Nóvoa (1), e coa abstención dos Concelleiros do grupo municipal popular (5), adoptándose o seguinte acordo:

ÚNICO. Ratificar a *Terceira Addenda modificativa do convenio entre a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, O.A. e o Concello de Xinzo de Limia para a financiación, execución e entrega das obras de análises e actuacións de consolidación das infraestruturas hidráulicas asociadas ao Mosteiro do Bon Xesús de Trandeiras, de Xinzo de Limia.*

Expediente 4244/2019. Preaviso de segunda Prórroga del contrato de suministro de electricidad en alta y baja tensión a través de la Central de Contratación de la FEMP:

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento





Concello de Xunzo de Limia

Consta no expediente o **Ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción**, do día 22/12/2022, do seguinte teor literal:

"(...) **Vista a Proposta da Alcaldía**, de data 19/12/2022, do seguinte teor literal:

"(...) Visto acordo plenario de fecha 10/03/2022 en virtude del cual se aprobó la primera prórroga del contrato basado en el Acuerdo Marco para la contratación del suministro de electricidad en alta y baja tensión a través de la Central de Contratación de la FEMP.

Visto que el 14/03/2023 finaliza la primera prórroga del CONTRATO BASADO EN EL ACUERDO MARCO PARA EL SUMINISTRO DE ELECTRICIDAD EN ALTA Y BAJA TENSIÓN A TRAVÉS DE LA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DE LA FEMP, estando prevista la posibilidad de realizar prórrogas anuales hasta un plazo máximo total de cinco años.

PROPONGO AL PLENARIO

ÚNICO: EMITIR PREAVISO DE PRÓRROGA DEL CONTRATO BASADO EN EL ACUERDO MARCO PARA EL SUMINISTRO DE ELECTRICIDAD EN ALTA Y BAJA TENSIÓN A TRAVÉS DE LA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DE LA FEMP CONFORME A LO PREVISTO EN EL ARTÍCULO 29.2 DE LA LCSP Y SOLICITUD DE REVISION DE PRECIOS (CLÁUSULAS 16.3 Y 21.2 DEL PCA) en los términos siguientes:

"El Pleno, órgano de contratación de la Entidad Local **Ayuntamiento de Xunzo de Limia (Ourense)** del contrato basado en el Acuerdo Marco para el suministro de electricidad en alta y baja tensión de la Central de Contratación de la FEMP, adjudicado, por resolución de **Pleno** con fecha **25/02/2021** a la empresa **ENDESA ENERGÍA, S.A.U.**, notificada con fecha **04/03/2021**, que en virtud de la prórroga acordado en pleno de fecha 10/03/2022 finalizará el próximo **14/03/2023**, no encontrándose en causa de resolución prevista en el artículo 198.6 de la LCSP por haberse demorado la Entidad Local en el pago del precio más de 6 meses, siempre que dicho impago no se produzca por incumplimiento de la empresa contratista, **MANIFIESTA** a los efectos establecidos en el artículo 29.2 de la LCSP y en la cláusula 21.2 del pliego de cláusulas administrativas que rige el Acuerdo Marco, a modo de preaviso condicionado a la posterior revisión de precios, su **voluntad inicial de prorrogar por un año este contrato basado conforme a lo indicado en la resolución de adjudicación**, solicitando al gestor de la empresa adjudicataria que comunique al responsable del contrato basado de la Entidad Local, por los medios de comunicación habituales entre ellos, y en el plazo establecido en la cláusula 21.2 del PCA; los precios revisados según lo dispuesto en la cláusula 16.3 del PCA, con la diferencia de que el primer reajuste de umbrales que se realice tomará los precios –Umbral (i-1)– ofertados originalmente para el contrato basado. (...)"

Sin producirse debate la propuesta resulta dictaminada **favorablemente**, con los votos a favor de los concejales del grupo municipal **PSdeG-PSOE (1, y 1 la Alcaldesa)**, del concejal del grupo municipal **"ÁXIL"**, **Ramón Gómez Salgado (1)**, de los concejales del Grupo Mixto **Manuel Pérez Campos y Ramiro Rodríguez Suárez (2)**, con el voto a favor de los concejales del Grupo Municipal Popular (3), y con la abstención de la concejala **No Adscrita Montserrat Lama Nóvoa (1)**, con la *siguiente propuesta de acuerdo*:

ÚNICO: EMITIR PREAVISO DE PRÓRROGA DEL CONTRATO BASADO EN EL ACUERDO MARCO PARA EL SUMINISTRO DE ELECTRICIDAD EN ALTA Y BAJA TENSIÓN A TRAVÉS DE LA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DE LA FEMP CONFORME A LO PREVISTO EN EL ARTÍCULO 29.2 DE LA LCSP Y SOLICITUD DE REVISION DE PRECIOS (CLÁUSULAS 16.3 Y 21.2 DEL PCA) en los términos siguientes:

"El Pleno, órgano de contratación de la Entidad Local **Ayuntamiento de Xunzo de Limia (Ourense)** del contrato basado en el Acuerdo Marco para el suministro de electricidad en alta y



Cod. Validación: 64ER6CCLLEGDGTPLQY7EZWFEE9 | Corrección: https://xunzodelimia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 46



Concello de Xunzo de Limia

baja tensión de la Central de Contratación de la FEMP, adjudicado, por resolución de **Pleno** con fecha 25/02/2021 a la empresa **ENDESA ENERGÍA, S.A.U.**, notificada con fecha 04/03/2021 , que en virtud de la prórroga acordado en pleno de fecha 10/03/2022 finalizará el próximo 14/03/2023, no encontrándose en causa de resolución prevista en el artículo 198.6 de la LCSP por haberse demorado la Entidad Local en el pago del precio más de 6 meses, siempre que dicho impago no se produzca por incumplimiento de la empresa contratista, MANIFIESTA a los efectos establecidos en el artículo 29.2 de la LCSP y en la cláusula 21.2 del pliego de cláusulas administrativas que rige el Acuerdo Marco, a modo de preaviso condicionado a la posterior revisión de precios, su **voluntad inicial de prorrogar por un año este contrato basado conforme a lo indicado en la resolución de adjudicación**, solicitando al gestor de la empresa adjudicataria que comunique al responsable del contrato basado de la Entidad Local, por los medios de comunicación habituales entre ellos, y en el plazo establecido en la cláusula 21.2 del PCA, los precios revisados según lo dispuesto en la cláusula 16.3 del PCA, con la diferencia de que el primer reajuste de umbrales que se realice tomará los precios –Umbral (i-1)– ofertados originalmente para el contrato basado. (...)”

Sin producirse debate la propuesta **resulta aprobada, por unanimidad, adoptándose el siguiente acuerdo:**

ÚNICO: EMITIR PREAVISO DE PRÓRROGA DEL CONTRATO BASADO EN EL ACUERDO MARCO PARA EL SUMINISTRO DE ELECTRICIDAD EN ALTA Y BAJA TENSIÓN A TRAVÉS DE LA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DE LA FEMP CONFORME A LO PREVISTO EN EL ARTÍCULO 29.2 DE LA LCSP Y SOLICITUD DE REVISION DE PRECIOS (CLÁUSULAS 16.3 Y 21.2 DEL PCA) en los términos siguientes:

“El Pleno, órgano de contratación de la Entidad Local Ayuntamiento de Xunzo de Limia (Ourense) del contrato basado en el Acuerdo Marco para el suministro de electricidad en alta y baja tensión de la Central de Contratación de la FEMP, adjudicado, por resolución de Pleno con fecha 25/02/2021 a la empresa **ENDESA ENERGÍA, S.A.U.**, notificada con fecha 04/03/2021 , que en virtud de la prórroga acordado en pleno de fecha 10/03/2022 finalizará el próximo 14/03/2023, no encontrándose en causa de resolución prevista en el artículo 198.6 de la LCSP por haberse demorado la Entidad Local en el pago del precio más de 6 meses, siempre que dicho impago no se produzca por incumplimiento de la empresa contratista, MANIFIESTA a los efectos establecidos en el artículo 29.2 de la LCSP y en la cláusula 21.2 del pliego de cláusulas administrativas que rige el Acuerdo Marco, a modo de preaviso condicionado a la posterior revisión de precios, su **voluntad inicial de prorrogar por un año este contrato basado conforme a lo indicado en la resolución de adjudicación**, solicitando al gestor de la empresa adjudicataria que comunique al responsable del contrato basado de la Entidad Local, por los medios de comunicación habituales entre ellos, y en el plazo establecido en la cláusula 21.2 del PCA; los precios revisados según lo dispuesto en la cláusula 16.3 del PCA, con la diferencia de que el primer reajuste de umbrales que se realice tomará los precios –Umbral (i-1)– ofertados originalmente para el contrato basado.

Expediente 6223/2022. Aprobación Inicial Orzamentos 2023:





Concello de Xinzo de Limia

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 5, Abstencións: 1, Ausentes: 0

Consta no expediente o **Ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción**, do día 22/12/2022, do seguinte teor literal:

"(...) *Vista a Proposta da Alcaldía, de data 19/12/2022, do seguinte teor literal:*

"(...) Formado o Orzamento xeral deste concello correspondente ao exercicio económico 2023 cos documentos integrantes do mesmo de acordo co disposto nos artigos 162 e 171 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 18 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo I do título VI da Lei 39/1988.

Vistos os informes de intervención en relación ao orzamento.

Visto que en relación á aprobación do anexo de persoal dos orzamentos inclúese **a amortización de dúas prazas no senso que seguidamente se expón:**

POSTO A EXTINGIR	GRUPO
<i>Oficial de primeira (declarado a extinguir en pleno do 18/05/2022)</i>	D13
<i>Encargado Xeral Brigadas Municipais</i>	C18

Visto os informes de **Secretaría** de sobre o procedemento de amortización de prazas e informe sobre procedemento de aprobación dos orzamentos.

PROPOÑO

PRIMEIRO. Que se aprobe inicialmente o Orzamento xeral do Concello de Xinzo de Limia para o exercicio económico 2023, xunto coas bases de execución, cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

(...)

SEGUNDO. Que se aprobe inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral, no que se reflicte a **amortización das seguintes prazas, tras a xubilación dos empregados públicos que as viñan ocupando:**

POSTO A EXTINGIR	GRUPO
<i>Oficial de primeira (declarado a extinguir en pleno do 18/05/2022)</i>	D13
<i>Encargado Xeral Brigadas Municipais</i>	C18

TERCEIRO. Declarar que xunto coa aprobación do orzamento, se aproba a declaración de non dispoñibilidade de créditos por importe de 54.000,00€ na partida 151-13100, indicando que ditos créditos corresponden á xubilación e amortización dun dos traballadores, especificando que serán usados xunto cos créditos do fondo de continxencia para a subida salarial do 2,5% do ano 2023 unha vez estén aprobados os orzamentos xerais do Estado para o ano 2023.

CUARTO. Que se expoña ao público o Orzamento xeral para o 2023, as bases de execución e o cadro de persoal aprobados inicialmente, por un prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e no taboleiro de anuncios do Concello, para os efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

QUINTO. Que se consideren elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente reclamación algunha.

SEXTO. Que se remita unha copia á Administración do Estado, así como ao órgano competente da Comunidade Autónoma. (...)"

Sen producirse debate a proposta resulta ditaminada **favorablemente, cos votos a favor dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE (1, e 1 a Alcaldesa), do concelleiro do grupo municipal "ÁXIL", Ramón Gómez Salgado (1), dos concelleiros do Grupo Mixto Manuel Pérez**





Concello de Xunzo de Limia

Campos e Ramiro Rodríguez Suárez (2), e coa abstención dos concelleiros do Grupo Municipal Popular (3), e coa abstención da concelleira Non Adscrita Montserrat Lama Nóvoa (1), coa seguinte proposta de acordo:

PRIMEIRO. Que se aprobe inicialmente o Orzamento xeral do Concello de Xunzo de Limia para o exercicio económico 2023, xunto coas bases de execución, cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

ESTADO DE GASTOS			
CAP.	DESCRIPCIÓN	CONSIGNACIÓN	%
A.-OPERACIONES CORRIENTES			
1	Gastos de Personal	4.339.467,59	53,88
2	Gastos Corrientes en Bienes y servicios	2.738.039,58	34,00
3	Gastos Financieros	53.000,00	0,66
4	Transferencias Corrientes	162.700,00	2,02
5	Fondo de Contingencia y otros imprevistos	150.000,00	1,86
TOTAL OP. CORRIENTES		7.443.207,17	92,42
B.- OPERACIONES DE CAPITAL			
6	Inversiones Reales	340.805,03	4,23
7	Transferencias de capital	0,00	0,00
8	Activos Financieros	12.000,00	0,15
9	Pasivos Financieros	257.765,74	3,20
TOTAL OPERACIONES CAPITAL		610.570,77	7,58
TOTAL PRESUPUESTO DE GASTOS		8.053.777,94	100,00

ESTADO DE INGRESOS			
CAP.	DESCRIPCIÓN	CONSIGNACIÓN	%
A.-OPERACIONES CORRIENTES			
1	Impuestos Directos	4.015.844,05	49,51
2	Impuestos Indirectos	74.000,00	0,91
3	Tasas, Precios Publicos y otros Ing	1.000.803,50	12,34
4	Transferencia Corrientes	3.001.018,39	37,00
5	Ingresos Patrimoniales	8.112,00	0,10
TOTAL OP. CORRIENTES		8.099.777,94	99,85
B.-OPERACIONES DE CAPITAL			
6	Enajenación de inversiones reales	0,00	0,000





Concello de Xinzo de Limia

7	Transferencias de Capital	00.000,00	0,00
8	Activos Financieros	12.000,00	0,15
9	Pasivos Financieros	0,00	0,000

TOTAL OPERACIONES DE CAPITAL 12.000,00 0,15
TOTAL PRESUPUESTO DE INGRESOS 8.111.777,94 100,00

SEGUNDO. Que se aprobe inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral, no que se reflicte a amortización das seguintes prazas, tras a xubilación dos empregados públicos que as viñan ocupando:

POSTO A EXTINGIR	GRUPO
Oficial de primeira (declarado a extinguir en pleno do 18/05/2022)	D13
Encargado Xeral Brigadas Municipais	C18

TERCEIRO. Declarar que xunto coa aprobación do orzamento, se aproba a declaración de non dispoñibilidade de créditos por importe de 54.000,00€ na partida 151-13100, indicando que ditos créditos corresponden á xubilación e amortización dun dos traballadores, especificando que serán usados xunto cos créditos do fondo de continxencia para a subida salarial do 2,5% del año 2023 unha vez estén aprobados os orzamentos xerais do Estado para o ano 2023.

CUARTO. Que se expoña ao público o Orzamento xeral para o 2023, as bases de execución e o cadro de persoal aprobados inicialmente, por un prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e no taboleiro de anuncios do Concello, para os efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

QUINTO. Que se consideren elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente reclamación algunha.

SEXTO. Que se remita unha copia á Administración do Estado, así como ao órgano competente da Comunidade Autónoma.(...)"

A **Sra. Alcaldesa** abre a **1ª quenda de intervencións:**

O **Sr. Concelleiro de Facenda** indica que o borrador orzamentos para o ano 2023 foi remitido ó Ministerio de Facenda por esixencia legal motivada pola ampliación da duración do Plan de Axuste, sendo o informe emitido polo citado Ministerio favorable se ben condicionado á adecuación dunha serie de puntos entre o que se atopa a esixencia de reducir o 2% de gastos corrente, correccións que foron cumprimentadas nos orzamentos que se traen ó plenario. Seguidamente procede a realizar unha exposición somera do capítulo de gastos no seguinte senso:

O Gasto de Persoal acadará os 4.339.467,59 euros; os gastos correntes acadaron os 2.738.039,58 correspondendo 378.862 a subministro dos cales 270.000 corresponden á enerxía eléctrica, salientando neste eido que por mor do cambio das luminaria a LED vaia aforrar entre un 50% e un 80% ; os financeiros acadan 53.000; as transferencias correntes son referidas a distintas subvencións para a Asociación contra o Cancro, Limisi, Escola de saúde Rural, Agrupación Musical da Limia, Civitas Limicorum, Antela e Escolas Deportivas entre outras ata acadar a cantidade de 162.700, mentres que para o Fondo de Continxencia reserváronse 150.000 euros; no capítulo de inversión adócanse 340.805; Activos Financeiros 12.000 e Pasivos Financeiros 257.765. Continúa indicando que o total do estado de gastos acadará a contía de





Concello de Xinzo de Limia

8.053.777 euros e o total do estado de ingresos acada a contía de 8.111.777. Remata a súa intervención salientando o feito de que se conservarán exencións aprobadas por mor do Covid como a relativa a taxas por licencia de apertura por licencia de actividade que estará vixente ata o mes de outubro.

A **Sra. Monserrat Lama Nóvoa** intervén para manifestar que como todo é mellorable é o motivo polo que anuncia a súa abstención xustificando que non votará en contra dos orzamentos porque é preciso pagar ó persoal e as facturas dos provedores.

O **Sr. Antonio Fernández Veiga** comeza a súa intervención dicindo que cando o actual grupo de goberno estaba na oposición dicían que cando gobernarán farían uns orzamentos totalmente distintos, e nembargantes, a única diferenza cos presentados polo grupo popular é que se incrementa o gasto corrente. Manifesta que isto é proba dunha xestión nefasta porque se ben se incrementa o gasto corrente pola privatización dos servizos o gasto de persoal non diminúe, engadindo que parte do problema son dúas dedicacións por parte dos políticos que acadan o custo de manter a varios traballadores. Continúa a súa intervención salientando o feito de que se minorou á metade o capítulo de inversións e que desa pequena contía a súa vez, a metade está comprometida por mor dos Convenios coa Confederación. Indica que no último ano gracias a suspensión das regras de gasto, puideron incorporar remanente de tesourería para gasto corrente, peso o cal, e pola súa mala planificación, acabaron por ter un reparo da intervención. Seguidamente pregúntase que vai facer no capítulo de inversión o grupo de goberno se no vindeiro non hai remanente de tesourería ou se o mesmo non se pode gastar por indicación do Ministerio. En resumo, considera que o gasto corrente é moi alto e o gasto de inversión moi baixo polo que estamos ante o peor orzamento que se trouxo ó plenario.

A **Sra. Alcaldesa** abre a **2ª quenda de intervencións**:

O **Sr. Manuel Pérez Campos** indica que os gastos correntes do Concello son necesarios dado que o persoal é o que hai e engade que ó ser imposible acadar a plena satisfacción de todas as necesidades municipais o grupo de goberno tivo que priorizar unha serie de puntos por exemplo á atención a persoas maiores con dependencia de xeito que na actualidade o 80% están atendidas, o cal obrigou a licitar un contrato de servizos de case 400. 000 euros cunha escasa aportación da Xunta de Galicia. Invita a continuación á oposición a que manifeste, se é o caso, estar en contra en atender ás persoas maiores.

A **Sra. Monserrat Lama Nóvoa** recórdalle ó grupo de goberno o informe de reparo que emitiu a intervención municipal manifestando que se ben errar é humano deberíanse recoñecer as equivocacións. Reitera a súa abstención indicando que o feito de que aínda que non comparte como se xestionou algunha das partidas nembargantes considera que os provedores e o persoal do Concello teñen que cobrar.

O **Sr. Antonio Fernández Veiga** manifesta que nos atopamos ante uns orzamentos continuistas e que non reflicten as necesidades dos veciños. Polo que atinxe ó servizo





Concello de Xinzo de Limia

de dependencia, recórdalle ó Concelleiro de Facenda que a Lei hai anos que está vixente e que ogallá se acadase a cobertura do cen por cen das peticións. Reitera a mínima contía que se destina a inversión dado que estamos a falar realmente de 150.000 euros ó descontar as contías comprometidas polo Concello nos Convenios acadados. Por todo elo remata a súa intervención anunciando o voto a favor do grupo municipal popular por atoparnos ante uns orzamentos non realistas e si continuistas.

A **Sra. Alcaldesa** indica que teñen os documentos que integran os orzamentos do ano 2023, xunto co anexo de persoal que prevé a amortización de dúas prazas, sendo estas a de Oficial de primeira declarado a extinguir en pleno 18/05/2022 e a de encargado Xeral das Brigada. Expón que o crédito correspondente ás amortizacións queda, por indicación do Ministerio de Facenda, reservado para facer fronte xunto co reservado no Fondo de Continxencia ó incremento do gasto de persoal do 2,5% segundo o negociado cos sindicatos e a expensas de que se aprobe nos orzamentos do Estado. Manifesta que en execución das medidas impostas no informe do Ministerio de Facenda, nos orzamentos que se traen ó plenario contéplase a redución do 2% no capítulo de Gasto en Bens correntes e servizos. Explica que tamén se cumprimentaron ó resto das observación que se reflicten no mencionado informe así como os obxectivos do Plan de Axuste vixente dende o 2012 ata o 2032, sen prexuízo de que ademais, amortizouse débeda nos anos 2021 e 2022 sen estar obrigados por ter dous anos de carencia, e que en total dende o ano 2019 amortizouse 1,2 millos de € sendo a débeda viva a 31/12/2021 do 34%. Continúa a súa intervención indicando que o capítulo de investimentos acada 340.805,03€, e que a achegan en subvencións a clubs asociacións e entidades do terceiro sector implica 162.700.00 euros. Polo que atinxe o anexo de persoal di supón un 53,88% do orzamento para una plantilla de 114 traballadores e traballadoras entre persoal laboral e funcionarios o que supón 10 traballadores menos que en 2020 o que obriga a externalizar servizos como o de limpeza viaria que conta unicamente con tres peóns. Continúa a súa intervención indicando que estamos ante uns orzamentos reais, que xa nos gustaría que foran outros pero que significan os mimbres cos que funciona o concello para dar servizo aos veciños e veciñas de Xinzo. Manifesta que dado a excepcional situación que atravesamos é polo que a Comisión Europea acordou manter a prórroga do 2022 para o ano 2023 en relación a suspensión da regra de gasto e as outras medidas. Seguidamente procede a facer un relatorio dos investimentos que se van levar a cabo no Concello de Xinzo de Limia, salientando neste eido o Plan de Regadío que conta cunha aportación de 4 millóns por parte da Xunta de Galicia e 2 millóns máis para 40 pozos, así como unha aportación por parte do goberno de España de 32 millóns, tendo que aportar os regantes un 20%; o plan de aforro de enerxía eléctrica do que falta por executar aproximadamente un 20% e que vai supor unha importante redución do capítulo de gasto corrente e no que salienta que o investimento abarcou por igual ós pobos e a vila de Xinzo de Limia; a terceira addenda para financiar a obra do Mosteiro de Trandeiras nun 90% por parte de Confederación Hidrográfica Miño Sil que xunto co Convenio asinado coa mesma entidade para o derrubo da presa de Gudín acada un montante total de 2.200.000 euros de inversión a financiar por Confederación; o proxecto do Paseo do Río e saneamento que acada os 4.000.000 euros; o proxecto da estrada nacional que se atopa en fase de





Concello de Xinzo de Limia

exposición ó público e no que a aportación por parte do Estado é de 4 millóns de euros; solicitouse ó Consorcio de Igualdade a subvención en 1.200.000 dun proxecto para un centro de maiores, entre outros. Manifesta asemade que se ben os orzamentos non son os mellores, son os que se poden traer tento en conta o Plan de Axuste ó que estamos sometidos, á Pandemia que se viviu e a guerra nas portas de Europa que estamos a sufrir. En canto ó indicado polo portavoz do Grupo Municipal Popular, a Sra Alcaldesa recórdalle que a Confederación Hidrográfica non pode destinar fondo para gastos sociais e en canto o contrato de servizos do SAF incrementouse en 120.000 euros e que a Dependenza quen a concede é a Xunta de Galicia a cal leva retraso na tramitación dos expedientes. Remata a súa intervención indicando que este grupo de goberno seguirá traballando para acadar novas inversións por parte doutras administracións no Concello de Xinzo de Limia que futuras corporacións xestionarán igual que se xestionaron os 2 millóns que acadou o grupo municipal popular coa AXI.

O Sr. Antonio Fernández Veiga indica que todo o relatorio de inversións que realizou a Sra Alcaldesa está en fase de proxecto ou anteprojecto polo cal inda non é unha realidade; que os traballadores cada vez son menos, motivos todos eles polos que indica que presentan este orzamento co único motivo de pasar o trámite legal sen unha auténtica planificación, facendo gastos en estudos como o das árbores que despois non se executan. Considera que a Alcaldesa incluso trata de desviar a atención dos orzamentos falando do Plan de Regadío. Remata a súa intervención indicando que estes orzamentos que se traen ó plenario son en realidade unha carta ós reis magos e que acabarán por devir nun lastre para o vindeiro ano e para futuras corporacións .

A **Sra. Alcaldesa** manifesta que a diminución do número de traballadores é consecuencia directa do Plan de Axuste aprobado polo grupo municipal popular que estará vixente ata o ano 2032, pois no mesmo prevense entre outras medidas a amortización do préstamo para pago a provedores e a redución da carga desorbitada de persoal que entre outras consecuencias conleva a necesidade de estabilizar 66 postos de traballo. Continúa a súa intervención indicando que no Fondo de Continxencia recóllese unha previsión para a subida do 2,5% do salario dos traballadores a expensa do que se recolla nos orzamentos do Estado. Reitera que nos atopamos ante uns orzamentos nos que xa lle gustaría ó grupo de goberno poder destinar unha contía maior a inversión pero non é posible posto que se se destina máis a persoal hai que baixar máis noutros capítulos. Polo que atinxe ó manifestado polo portavoz do grupo municipal popular en relación ós Convenios asinados indica que este grupo de goberno non ten ánimo algún de demorar a execución das obras e que a mesma débese a trámites tais como avaliación ambiental dos proxectos etc, salientando neste eido que este grupo de goberno deixa un mandato no que se acadaron máis de 45 millóns euros para inversións. En canto o estudo das árbores indícalle o Sr Antonio Fernández Veiga que cando queira está a súa disposición e recorda á corporación que por mor doutras prioridades non se executaron algunhas das partidas do citado estudo. En canto a dedicación da Alcaldía explica que lle adica 365 días ó Concello, isto é, “*en corpo e alma*”, o igual cos outros concelleiros con dedicación ou sen ela.

Tralo debate a proposta **resulta aprobada, cos votos a favor dos concelleiros do Grupo municipal socialista (2+1, a Alcaldesa), cos votos a favor dos concelleiros do**





Concello de Xinzo de Limia

Grupo Municipal Áxil (2), cos votos a favor do concelleiro do Grupo Mixto-BNG, Ramiro Rodríguez Suárez (1), co voto a favor do concelleiro do Grupo Mixto-XA, Manuel Pérez Campos (1), coa abstención da concelleira Non Adscrita, Montserrat Lama Novoa (1), e cos votos en contra dos Concelleiros do grupo municipal popular (5), adoptándose o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Que se aprobe inicialmente o Orzamento xeral do Concello de Xinzo de Limia para o exercicio económico 2023, xunto coas bases de execución, cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

ESTADO DE GASTOS			
CAP.	DESCRIPCIÓN	CONSIGNACIÓN	%
A.-OPERACIONES CORRIENTES			
1	Gastos de Personal	4.339.467,59	53,88
2	Gastos Corrientes en Bienes y servicios	2.738.039,58	34,00
3	Gastos Financieros	53.000,00	0,66
4	Transferencias Corrientes	162.700,00	2,02
5	Fondo de Contingencia y otros imprevistos	150.000,00	1,86
	TOTAL OP. CORRIENTES	7.443.207,17	92,42
B.- OPERACIONES DE CAPITAL			
6	Inversiones Reales	340.805,03	4,23
7	Transferencias de capital	0,00	0,00
8	Activos Financieros	12.000,00	0,15
9	Pasivos Financieros	257.765,74	3,20
	TOTAL OPERACIONES CAPITAL	610.570,77	7,58
	TOTAL PRESUPUESTO DE GASTOS	8.053.777,94	100,00

ESTADO DE INGRESOS			
CAP.	DESCRIPCIÓN	CONSIGNACIÓN	%
A.-OPERACIONES CORRIENTES			
1	Impuestos Directos	4.015.844,05	49,51
2	Impuestos Indirectos	74.000,00	0,91
3	Tasas, Precios Publicos y otros Ing	1.000.803,50	12,34
4	Transferencia Corrientes	3.001.018,39	37,00
5	Ingresos Patrimoniales	8.112,00	0,10
	TOTAL OP. CORRIENTES	8.099.777,94	99,85





Concello de Xinzo de Limia

B.-OPERACIONES DE CAPITAL

6	Enajenación de inversiones reales	0,00	0,000
7	Transferencias de Capital	00.000,00	0,00
8	Activos Financieros	12.000,00	0,15
9	Pasivos Financieros	0,00	0,000

TOTAL OPERACIONES DE CAPITAL 12.000,00 0,15

TOTAL PRESUPUESTO DE INGRESOS 8.111.777,94 100,00

SEGUNDO. *Que se aprrobe inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral, no que se reflicte a amortización das seguintes prazas, tras a xubilación dos empregados públicos que as viñan ocupando:*

POSTO A EXTINGIR	GRUPO
Oficial de primeira (declarado a extinguir en pleno do 18/05/2022)	D13
Encargado Xeral Brigadas Municipais	C18

TERCEIRO. *Declarar que xunto coa aprobación do orzamento, se aproba a declaración de non dispoñibilidade de créditos por importe de 54.000,00€ na partida 151-13100, indicando que ditos créditos corresponden á xubilación e amortización dun dos traballadores, especificando que serán usados xunto cos créditos do fondo de continxencia para a subida salarial do 2,5% del año 2023 unha vez estén aprobados os orzamentos xerais do Estado para o ano 2023.*

CUARTO. *Que se expoña ao público o Orzamento xeral para o 2023, as bases de execución e o cadro de persoal aprobados inicialmente, por un prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e no taboleiro de anuncios do Concello, para os efectos de presentación de reclamacións polos interesados.*

QUINTO. *Que se consideren elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente reclamación algunha.*

SEXTO. *Que se remita unha copia á Administración do Estado, así como ao órgano competente da Comunidade Autónoma.*

Expediente 7145/2022. Nomeamento, a título póstumo, de Fillo Adoptivo do Concello de Xinzo de Limia a Don Ramón de la Fuente Galván:

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Consta no expediente o *Ditame da Comisión Informativa de Cultura, Normalización Lingüística, Patrimonio, Mocidade e Novas Tecnoloxías*, do día 22/12/2022, do seguinte teor literal:

"(...) Vista a Proposta da Alcaldía, de data 19/12/2022, do seguinte teor literal:

"(...) EXPEDIENTE DE NOMEAMENTO DE FILLO ADOPTIVO, A TÍTULO PÓSTUMO, A DON RAMÓN DE LA FUENTE GALVÁN





Concello de Xinzo de Limia

Visto Decreto de data 19/12/2022, polo que se inicia o expediente de nomeamento de fillo adoptivo do Concello de Xinzo de Limia, a título póstumo a D. RAMÓN DE LA FUENTE GALVÁN.

Visto o Informe do **Concelleiro de Facenda e Promoción Económica, Manuel Pérez Campos**, instrutor do procedemento para o outorgamento de nomeamento de fillo adoptivo do Concello de Xinzo de Limia, a título póstumo, a D. Ramón de la Fuente Galván, do teor literal seguinte:

"INFORME DO INSTRUTOR DO EXPEDIENTE DE NOMEAMENTO DE FILLO ADOPTIVO, A TÍTULO PÓSTUMO, A DON RAMÓN DE LA FUENTE GALVÁN

Vista a petición do Concelleiro de Facenda e Promoción Económica para iniciar expediente de nomeamento de fillo adoptivo do Concello de Xinzo de Limia, a título póstumo, a Don Ramón de la Fuente Galván.

Recibida esta petición decídese a súa toma en consideración e procédese a incoar o oportuno expediente nomeando como instrutor do mesmo ao Concelleiro de Facenda e Promoción Económica, D. Manuel Pérez Campos.

*Por tanto, tendo sido nomeado instrutor do expediente de nomeamento de fillo adoptivo a **D. Ramón de la Fuente Galván**, dende a Concellería de Facenda do Concello de Xinzo de Limia formulo proposta para nomeamento de **Fillo adoptivo**, a título póstumo, en base aos méritos que a continuación sucintamente se expoñen.*

MEMORIA PARA NOMEAMENTO DE FILLO ADOPTIVO A DON RAMÓN DE LA FUENTE GALVÁN

A historia da comarca limiá dos últimos cincuenta anos está íntima e profundamente ligada a vida do médico Ramón de la Fuente Galván, finado o 31 de outubro do 2021. Nado en Pollos (Valladolid) no ano 1929, estudou medicina en Madrid (onde traballou cinco anos), trasladándose a Xinzo de Limia en 1958, onde comeza a exercer, por vocación, a medicina rural coñecendo e afrontando as dificultades que naquel momento existían (dende a falla de transporte ate a falla de medios). Sobre isto dicía que, habitualmente, o principal instrumento que tiña eran as súas mans. Tomando conciencia das carencias sanitarias naquel momento, abre unha clínica (a primeira da comarca) co seu cuñado José Carrera (tamén médico), ofrecendo un servizo permanente a comarca, 7 días a semana, 24 horas o día. Hai que ter en conta que, naquel momento, non existía en España aínda a Seguridade Social tal e como a coñecemos hoxe. Aquela clínica foi pioneira na comarca da Limia e, ademais da atención primaria, facíanse nela intervencións cirúrxicas, con hospitalización incluída. Atendían desde accidentes laborais e de estrada ate partos.

Pronto namórase de Xinzo e dunha antelá, M^a Asunción Celsa Cid Costa (mais coñecida por Celsita), coa que casou en 1962 fundando xunto dela unha extensa familia. Durante os primeiros anos da súa estancia en Xinzo recibe múltiples ofertas laborais en Madrid, especialmente do recentemente creado hospital La Paz, en onde lle ofrecen entrar a traballar inmediatamente como traumatólogo (a súa especialidade). Pero de modo consciente, rexeita as ofertas e opta decididamente pola medicina rural e por seguir a súa carreira como médico en Xinzo e en Os Blancos, lugares nos que desenvolveu a súa longa carreira profesional.

Pero más alá do seu labor como médico, sempre xeneroso co tempo e afecto cos pacientes, integrouse tanto no ambiente e nas necesidades da Vila que termina por participar pro activamente en moitos ámbitos da vida social de Xinzo, apoiando e/ou desenvolvendo múltiples actividades sociais. Entre elas podemos destacar a de presidente do Casino Antelano; ostentando o devandito cargo asinou a hipoteca para a adquisición do terreo e impulsou a construción do novo edificio que albergaría o Casino, inaugurado en 1971, e que durante moitos anos foi o centro de reunións e festexos más importante da Vila.

Outra das grandes pegadas que deixou na Limia está ligado a un dos seus grandes amores: o Antela Fútbol Club. D. Ramón, xunto con D. Matías (profesor) e D. Manuel (sacerdote),





Concello de Xinzo de Limia

refundaron en 1971 o equipo, o cal iniciou, desde ese momento, unha nova andadura como equipo federado chegando a levantar a partir de ese momento grandes paixóns en Xinzo e comarca. Ademais, pensaba no Antela e nas súas instalacións como unha oportunidade de practicar deporte para moitos rapaces que daquela non tiñan acceso a outras instalacións nin outras opcións deportivas. Durante 15 anos foi o presidente do Antela F.C e exercendo non só como presidente senón tamén como médico e conselleiro de todos os mozos que pasaron polas diferentes categorías do equipo ós que consideraba e quería case, como ós seus fillos (o que poden corroborar moitos deles). Con gratuidade, a súa clínica estaba ó seu dispor para atendelos nas súas lesións e prover de material médico ó equipo. Como anécdota pódese sinalar que durante toda a súa vida, incluso nos últimos anos que por dificultades de mobilidade xa non podía acudir o campo, todos os luns buscaba saber á primeira hora a clasificación para comprobar como quedara o equipo e, nos últimos anos, xa o domingo pola noite pedíalle ós fillos que lle mirasen os resultados en Internet. Seguía moi de cerca o equipo e gozaba cos éxitos enormemente.

Durante a súa época de presidente do Antela levouse a cabo o peche do antigo campo de fútbol e construíronse os vestiarios. Sempre dicía que fora unha colaboración de todo o pobo onde cada un daba o que podía: uns materiais, outros traballo, pero o obxectivo cumpriuse. Os fillos lembran, sendo nenos, pasar tardes enteiras no campo da Moreira mentres o seu pai observaba o avance das obras. ¡Era xenial ver a todo o mundo ilusionado!

Tamén hai que lembrar que a tribuna do novo campo da Moreira xestionouna e conseguiua el, sendo Conselleiro de Deportes o seu bo amigo, Manancho Villanueva. Moi activo e decidido nas xestións, Ramón foillo pedir a Santiago y volveu radiante porque a resposta foi un si inmediato, se ben é certo que nesa época el xa formaba parte da corporación municipal.

Deixamos para o final a súa faceta política. Formou parte de distintas corporacións durante a ditadura por imposición (incluso custoulle moito non aceptar ser alcalde posto que non era fácil renunciar, pero el fíxoo alegando o exceso de traballo que tiña, tras ir a explicalo en directo viaxando a Ourense e Madrid para convencer as autoridades).

Xa en democracia foi concelleiro en case tódalas lexislaturas ate a súa retirada despois de ser alcalde. Sempre afirmaba estar en política para poder aportar algo o ben común, pero sen o máis mínimo interese persoal. A alcaldía, que el nunca pretendeu e que chegou accidentalmente as súas mans no 1998, por inhabilitación do anterior rexedor, asumíuna como tarefa ética. Non foi fácil este período porque, aínda que el era do PP algúns do seu partido optaron por retirarse do pleno de toma de posesión, (tras un intento fallido de manipulalo). O PSOE e o BNG abstivéronse. Do que máis satisfeito se sentía da súa corta etapa como alcalde foi dunha opción de forte contido social e ético: o poder dar luz verde ó convenio colectivo asinado con todos os sindicatos e partidos políticos acordando dar estabilidade laboral a moitos traballadores/as que levaban anos contratados temporalmente e cuxo traballo dependía dos intereses da política do momento.

Ramón de la Fuente non foi nunca un político ó uso: era idealista con un marcado carácter ético, social e de servizo, xamais poñendo o interese particular por riba do xeral (o que lle custou caro en máis de unha ocasión). Sempre foi un home de honor e de consenso, sincero, moi alegre, ben humorado e con un gran sentido do deber, crénte, e cunha vida plena en todos os aspectos, namorado da súa esposa (M^a Asunción Celsa Cid Costa) e decididamente dedicado á súa familia e ós demais.”

Visto informe de **Secretaría** en relación ao procedemento a seguir.

ELÉVASE Á COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA A SEGUINTE PROPOSTA DE DITAME PRIMEIRO. Nomear fillo adoptivo do Concello de Xinzo de Limia, a título póstumo, a D. RAMÓN DE LA FUENTE GALVÁN, pola súa traxectoria e dedicación ó Concello de Xinzo de Limia, tanto na súa faceta profesional como médico, como na súa actividade política, así como promotor e colaborador, de xeito persoal e desinteresado, en diferentes accións e actividades no eido cultural e deportivo deste Concello de Xinzo.

SEGUNDO. Comunicar este acordo á familia do homenaxeado indicándolles que se lles citará para que acudan á sesión solemne para entrega do distintivo.

TERCEIRO. Inscribir no Libro Rexistro de Honores e Distincións o nomeamento concedido. (...)"





Concello de Xinzo de Limia

Sen producirse debate a proposta resulta ditaminada **favorablemente**, por unanimidade, coa **seguinte proposta de acordo**:

PRIMEIRO. Nomear fillo adoptivo do Concello de Xinzo de Limia, a título póstumo, a D. RAMÓN DE LA FUENTE GALVÁN, pola súa traxectoria e dedicación ó Concello de Xinzo de Limia, tanto na súa faceta profesional como médico, como na súa actividade política, así como promotor e colaborador, de xeito persoal e desinteresado, en diferentes accións e actividades no eido cultural e deportivo deste Concello de Xinzo.

SEGUNDO. Comunicar este acordo á familia do homenaxeado indicándolles que se lles citará para que acudan á sesión solemne para entrega do distintivo.

TERCEIRO. Inscribir no Libro Rexistro de Honores e Distincións o nomeamento concedido. (...)"

Sen producirse debate a proposta **resulta aprobada**, por unanimidade, **adoptándose o seguinte acordo**:

PRIMEIRO. Nomear fillo adoptivo do Concello de Xinzo de Limia, a título póstumo, a D. RAMÓN DE LA FUENTE GALVÁN, pola súa traxectoria e dedicación ó Concello de Xinzo de Limia, tanto na súa faceta profesional como médico, como na súa actividade política, así como promotor e colaborador, de xeito persoal e desinteresado, en diferentes accións e actividades no eido cultural e deportivo deste Concello de Xinzo.

SEGUNDO. Comunicar este acordo á familia do homenaxeado indicándolles que se lles citará para que acudan á sesión solemne para entrega do distintivo.

TERCEIRO. Inscribir no Libro Rexistro de Honores e Distincións o nomeamento concedido.

Expediente 401/2022. Aprobación do IV Plan de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Xinzo de Limia:

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Consta no expediente o **Ditame da Comisión Informativa de Igualdade, Participación Cidadá, Comunicación e Persoal**, do día 22/12/2022, do seguinte teor literal:

"(...) Vista a Proposta da Alcaldía, de data 19/12/2022, do seguinte teor literal:

"(...) Visto informe de necesidade de elaboración do Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes de Xinzo de Limia 2022-2026 realizado polo director do CIM.

Visto o borrador do Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes de Xinzo de Limia 2022-2026 realizado por empresa externa tras a adxudicación do servizo.

Visto informe de Secretaría sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

PROPOÑO

1. Aprobado o "Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes de Xinzo de Limia 2022-2026".

2. Ordear a publicación do "Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes de Xinzo de Limia 2022-2026" no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello así como no portal de transparencia do Concello. (...)"

Sen producirse debate a proposta resulta ditaminada **favorablemente**, por unanimidade, coa



Cod. Validación: 64ER6CCEGDGTPQLY7EZWFEE9 | Corrección: https://xinzo.delimia.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 46



Concello de Xinzo de Limia

seguinte proposta de acordo:

1. Aprobar o “Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes de Xinzo de Limia 2022-2026 ”.
2. Ordenar a publicación do “Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes de Xinzo de Limia 2022-2026 ” no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello así como no portal de transparencia do Concello.(...)”

A **Sra. Alcaldesa** abre a **quenda de intervencións:**

A **Sra. Monserrat Lama Nóvoa** manifesta o voto a favor para seguir avanzando na igualdade real.

O **Sr. Antonio Fernández Veiga** manifesta o voto a favor agardando que siga habendo moitos máis plans de igualdade en sucesivos mandatos.

A **Sra. Alcaldesa** expón que estamos ante un ambicioso Plan elaborado coas achegas, aportacións e reflexións dun nutrido grupo de persoas, representantes de colectivos, asociacións, entidades, centros de ensino, de saúde e os corpos e forzas de seguridade. Manifesta este documento foi feito a medida das necesidades que foron diagnosticadas cunha enquisa anónima e participativa sobre mais de 300 persoas, e despois de numerosas e produtivas reunión con todos os axentes implicados. Sinala que este IV Plan é un documento vivo que servirá de folla de ruta para implementar políticas, programas, acción, e formación para lograr una igualdade real e que estamos nunha senda na que debemos implicar a toda a sociedade, e na que debemos traballar cada día facendo una aposta decidida por a transversalidade dos obxectivos marcados no Plan. Por último invita a todos e todas para o día da presentación nos vindeiros días.

Tralo debate a proposta **resulta aprobada, por unanimidade, adoptándose o seguinte acordo:**

1. Aprobar o “Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes de Xinzo de Limia 2022-2026 ”.
2. Ordenar a publicación do “Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes de Xinzo de Limia 2022-2026 ” no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello así como no portal de transparencia do Concello.

Expediente 7216/2022. Declaración de ilegalidade de determinados preceptos do acordo regulador de funcionarios:

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Consta no expediente o ***Ditame da Comisión Informativa de Igualdade, Participación Cidadá, Comunicación e Persoal***, do día 22/12/2022, do seguinte teor literal:

"(...) Vista a Proposta da Alcaldía, de data 19/12/2022, do seguinte teor literal:

"(...) Visto informe de Secretaría e Intervención de data 16/12/2022 do seguinte teor literal:

Informe de Secretaría e Intervención

Consta no Concello de Xinzo de Limia o ACORDO REGULADOR DAS CONDICIÓN DE



Cod. Validación: 64ER6CCLGGD2GTPQLY7EZWFEE9 | Corrección: https://xinzo.delimia.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 46



Concello de Xinzo de Limia

TRABALLO PARA O PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA. Este acordo non foi, a coñecemento desta Secretaría, aplicado a lo menos dende a súa toma de posesión en outubro do ano 2014, salvo no que se refire a gratificación por horas extraordinarias dos membros da policía local, ámbito no que si foi de aplicación o acordo regulador ata que en data 19/06/2022 aprobouse polo pleno o ANEXO AL ACUERDO MARCO REGULADOR DEL PERSONAL FUNCIONARIO DE XINZO DE LIMIA que establecía un xeito diferente de aboar as horas extraordinarias e que é o que se está a empregar na actualidade.

Pois ben, no citado ACORDO REGULADOR DAS CONDICIÓNNS DE TRABALLO PARA O PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA establécense unha serie de gratificacións por diferentes conceptos que non son consonte á legalidade, entre elas as recollidas no artigo 34 (axudas por natalidade e nupcialidade, entre outras) e no artigo 40 (premio á constancia) reproducíndose a continuación consulta a este respecto extraída da base de consultas xurídicas contratada polo Concello por considerarse exhaustiva e clarificadora:

“El Acuerdo de Funcionarios del Ayuntamiento prevé un premio por antigüedad de los funcionarios de 400 euros al cumplir los 25 años de servicios. Se plantea si el pago de tal cantidad es legal, teniendo en cuenta que el convenio está vigente. Tenemos conocimiento de una sentencia del Tribunal Superior de Justicia de Canarias de 2015 que entiende que tal concepto no puede integrarse dentro de las ayudas sociales susceptibles de negociación, y que es un concepto retributivo no previsto en la ley para los funcionarios. Ruego aclaren la legalidad del pago de tales cantidades.

RESOLUCIÓN

CONSIDERACIONES JURÍDICAS

Primera. Efectivamente, la Sentencia del Tribunal Superior de Justicia de Islas Canarias, Santa Cruz de Tenerife (Sala de lo Contencioso-Administrativo, Sección 2ª) Sentencia num. 23/2015 de 9 de abril, estimar la cuestión de ilegalidad planeada por el Juzgado de lo contencioso-administrativo y anula el artículo 2 del Reglamento regulador de los premios de permanencia del personal funcionario de carrera del Ayuntamiento de Breña baja.

Como se afirma en el fallo, la Sala ya se ha pronunciado sobre la ilegalidad de los premios de permanencia mediante metálico o días de permiso. Así, la Sentencia del Tribunal Superior de Justicia de Islas Canarias, Santa Cruz de Tenerife (Sala de lo Contencioso-Administrativo, Sección 2ª) num. 214/2014 de 7 de noviembre, confirma la sentencia apelada que estimaba el recurso interpuesto por la Comunidad Autónoma de Canarias contra los decretos de 11 de mayo y 6 de julio de 2012 del Ayuntamiento de Santa Cruz de Tenerife por los que se abona la cantidad de 702,69 euros a dos funcionarios en concepto de compensación económica por entrega de medalla al mérito en su categoría de oro.

Las resoluciones recurridas aplican el artículo 15 de la normativa interna de funcionarios del Ayuntamiento de Santa Cruz de Tenerife en virtud del cual los funcionarios tienen derecho a determinada retribución y/o permisos por el hecho de cumplir determinados años de servicios prestados.

La Sala ya había declarado ilegal el precepto reglamentario en la sentencia dictada en el recurso de apelación 38/14 en el que igualmente se debatía la conformidad a Derecho de un acto de aplicación de dicha norma por incumplir el principio de legalidad y por incompetencia del órgano que lo aprobó en cuanto a la retribución y al permiso que se genera por alcanzar un determinado número de años de prestaciones de servicios, basándose en los siguientes argumentos:

Afirma esta sentencia en sus Fundamentos Jurídicos 4º y 5º:

«4. Las retribuciones se establecen por la Ley general o territorial a tenor de los artículos 22 y siguientes del Estatuto Básico del Empleado Público (no han entrado en vigor en esta Comunidad Autónoma). Los funcionarios podrán ser retribuidos por conceptos diferentes a los especificados en los artículos 82 y siguientes de la Ley de Función Pública de Canarias que es aplicable a las Corporaciones Locales (artículo 2.4 en relación con el 3.1 del TRLEBEP). Según el artículo 153 del Real Decreto Legislativo 781/86, los funcionarios locales se remuneran por los conceptos establecidos en el artículo 23 de la Ley 30/84 de 2 de agosto.





Concello de Xinzo de Limia

Sus conceptos y estructura retributiva es la prevista con carácter general para toda la función pública a tenor del artículo 93 de la Ley de Bases de Régimen Local .

La retribución por cumplir años de servicio no está prevista en la legislación estatal, autonómica ni local, salvo en lo que se refiere a los trienios.

Luego es nula la norma local que establece una retribución nueva y distinta de las previstas en la Ley con carácter general para toda la función pública sin competencia normativa para ello. En cuanto a los permisos, son los previstos en el artículo 48 del EBEP, en defecto de legislación aplicable, que se entiende también como norma con rango de Ley. La Ley de Función Pública de Canarias dice en el artículo 89 que los funcionarios de las Corporaciones Locales canarias tendrán derecho a las recompensas, permisos, licencias y vacaciones retribuidas previstas en esta Ley . Y el artículo 142 del citado texto refundido sobre régimen local: los funcionarios de la Administración local tendrán derecho a las recompensas, permisos, licencias y vacaciones retribuidas previstas en la legislación sobre función pública de la Comunidad Autónoma respectiva y, supletoriamente, en la aplicable a los funcionarios de la Administración del Estado». Por último, el tribunal en esta sentencia 214/2014 considera inaceptable decir que los decretos recurridos son una ayuda social o un subsidio con claro contenido social y que se encuadra dentro de lo que doctrinalmente se conoce como "medidas de mejora asistencial" o de previsión social, ya que no se menciona la situación objeto de protección social y porque las prestaciones sociales y las retribuciones no son equivalentes pero el tiempo de servicios prestados es una contraprestación del trabajo y por tanto una retribución.

Segunda. *Tal y como afirma la sentencia num 214/2014 del tribunal canario, el artículo 153.1 del Texto Refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de Régimen Local (TRRL) aprobado por el Real Decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, establece que «los funcionarios de Administración local sólo serán remunerados por las Corporaciones respectivas, por los conceptos establecidos en el artículo 23 de la Ley 30/1984, de 2 de agosto» y añade en su número 3 que «la estructura, criterios de valoración objetiva, en su caso, y cuantías de las diversas retribuciones de los funcionarios de Administración local, se regirán por lo dispuesto en el artículo 93 de la Ley 7/1985, de 2 de abril».*

El artículo 93 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local establece:

«1. Las retribuciones básicas de los funcionarios locales tendrán la misma estructura e idéntica cuantía que las establecidas con carácter general para toda la función pública.

2. Las retribuciones complementarias se atenderán, asimismo, a la estructura y criterios de valoración objetiva de las del resto de los funcionarios públicos. Su cuantía global será fijada por el Pleno de la Corporación dentro de los límites máximos y mínimos que se señalen por el Estado».

El artículo 22.1 del Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público (TRLEBEP) dispone que «las retribuciones de los funcionarios de carrera se clasifican en básicas y complementarias», pero de sus artículos 23 y 24 no se desprenden que exista ningún concepto retributivo que responda a un premio por determinado número de años de servicios prestados, salvo los trienios por cada tres años de servicio.

Pero de normativa sobre función pública no contempla ninguna clase de premios por permanencia, constancia o antigüedad. Nada se contempla en el ámbito local por el Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, por el que se establece el Régimen de las retribuciones de los funcionarios de administración local, dictado en desarrollo del artículo 93 LBRL y del artículo 23 LMRFP que estipula en su artículo 1 que, de acuerdo con lo dispuesto en el artículo 93 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, «los funcionarios de Administración Local sólo podrán ser remunerados por los conceptos retributivos establecidos en el artículo 23 de la Ley 30/1984, de 2 de agosto.

En consecuencia, no podrán percibir participación alguna de los tributos, comisiones u otros ingresos de cualquier naturaleza que correspondan a la Administración o cualquier poder público como contraprestación de cualquier servicio o jurisdicción, ni participación o premio en multas





Concello de Xinzo de Limia

impuestas, aun cuando estuviesen normativamente atribuidas a los mismos, ni retribuciones o contraprestaciones distintas a las determinadas en los artículos siguientes por ningún otro concepto, ni siquiera por confección de proyectos, dirección o inspección de obras o presupuestos, asesorías o emisión de dictámenes o informes, y ello sin perjuicio de lo que resulte de la aplicación del sistema de incompatibilidades.

Tercera. *Pero los fallos del Tribunal Superior de Justicia de de Islas Canarias mencionadas al principio no son las únicas recaídas sobre la cuestión.*

Así, la Sentencia del mismo Tribunal Superior de Justicia de de Islas Canarias, Santa Cruz de Tenerife (Sala de lo Contencioso-Administrativo, Sección 2ª) num. 3/2014 de 20 de enero declara en relación con un acuerdo sobre condiciones de trabajo de los funcionarios de una entidad local que incluye un artículo que regula un "premio a la constancia" que se devenga con carácter fijo a los 25 años de servicio, y frente al argumento del Ayuntamiento de que no tiene un carácter retributivo ni remuneratorio pues se enmarca dentro de la denominada acción social y asistencial, en sus Fundamentos Jurídicos 3º y 4º:

«TERCERO.- Que la primera cuestión que se plantea esta Sala es, que tendrá que ver el disfrute de un puesto fijo de trabajo durante 25 años con la acción social y asistencial; y que tendrá que ver la constancia con la asistencia social, cuando se recibe una contraprestación extra por no perder el trabajo; y que tendrá que ver el carácter asistencial, que depende de la situación del asistido, con una remuneración fija a la que se adhieren todos los que cumplan 25 años de servicios.

CUARTO.- Que hemos de considerar, que pretender dar a una retribución extraordinaria de tipo cíclico un carácter social o asistencial, es solo una forma de camuflar la clara vulneración, vía negociación colectiva, del art. 93 de la Ley 7/1985 y del art. 153 del RDL 781/1986 que no contemplan esta contraprestación dentro de la estructura retributiva de las corporaciones Locales. Por tanto dicho artículo es contrario a los postulados del art. 11.2 de la LOPJ por entrañar un claro fraude de Ley y procede decretar su anulación».

Por su parte, la Sentencia del Tribunal Superior de Justicia de Andalucía, Málaga (Sala de lo Contencioso-Administrativo, Sección 1ª) núm. 1759/2008 de 29 de mayo, sostienen en su Fundamento Jurídico 3º: «Respecto de las concretas impugnaciones realizadas tenemos lo siguiente.

1.- Se impugnan los premios a la permanencia y por jubilación forzosa (artículos 12. Uno y 13 del Acuerdo impugnado). Como ya dijo esta Sala en sentencia de 26 de enero de 2007 , donde se resolvió la impugnación del convenio del mismo Ayuntamiento para los años 2001-2003:

"en cuanto a ese premio de permanencia y/o vinculación, ex art. 12.1 , se debe concluir que la disposición es ilegal.

Por vulnerar las bases sobre el régimen de retribuciones públicas y las que para las Corporaciones Locales se establecen específicamente por el art. 93 LBRL, desconociendo en particular la regulación general de la retribución de la antigüedad a través de los trienios - art. 23.2 de la Ley 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para la Reforma de la Función Pública-, según por demás ha dicho también la Sala en otras ocasiones, como en las Sentencias de 27 de febrero y de 31 de marzo de 2004 (recursos 3599/1997 y 184/1997), o en la de 19-04- 2005 (recurso 2545/1999), en la que por cierto se juzgó acuerdo similar del Ayuntamiento aquí demandado (de 18-05-1999)».

La Sentencia del Tribunal Superior de Justicia de Andalucía, Málaga (Sala de lo Contencioso-Administrativo, Sección 1ª) núm. 627/2005 de 1 de julio, afirma en su Fundamento Jurídico que «resultan también ilegales los artículos 23, 24 y 25 de los acuerdos, sobre premios de permanencia y vinculación, que vulneran las bases sobre el régimen de retribuciones públicas y las que para las Corporaciones locales se establecen específicamente por el artículo 93 de la Ley 7/1985 y que, en particular, en aquel primer caso desconocen la regulación general de la retribución de la antigüedad a través de los trienios (artículo 23.2 de la Ley 30/1984 30/84)»

La Sentencia del Tribunal Superior de Justicia de Castilla-La Mancha, (Sala de lo Contencioso-Administrativo, Sección 2ª) num. 74/2005 de 28 de febrero sostiene en su Fundamento Jurídico 7º:





Concello de Xinzo de Limia

«Tiene también razón el Abogado del Estado cuando impugna el artículo 13 apartado e) por absolutamente ilegal al establecer un complemento de antigüedad añadido al valor de cada trienio por importe de 5000 ptas. mensuales pues vulnera lo establecido en el artículo 93. 1 de la LBRL y 23.2 b) de la Ley 30/1984, de 2 de agosto (Medidas de Reforma de la Función Pública) en la configuración de esta retribución básica».

CONCLUSIONES

Primera. Como hemos visto, son varios los fallos judiciales que declaran ilegales los premios por antigüedad, permanencia o vinculación al alcanzar un número determinado de años en la administración, bien sean en metálico o en permisos, al no estar previstos en la legislación sobre función pública aplicable a los funcionarios de administración.

Por ello, el Ayuntamiento debería suprimir los artículos de acuerdo sobre condiciones de trabajo de los funcionarios municipales, previa negociación colectiva, dada su ilegalidad.

No debe olvidarse que en el proceso de negociación colectiva no es obligatorio llegar a un acuerdo, sino llevar a cabo la negociación de buena fe (...).”

É preciso indicar que no citado ACORDO REGULADOR DAS CONDICIÓNS DE TRABALLO PARA O PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA existen outros preceptos non acordes a vixente lexislación, por exemplo, o artigo 16 do mesmo, que regula a composición dos tribunais incluíndo como presidente a quen ostente alcaldía o cal infrinxe manifestamente o actual TREBEP. Polos motivos indicados sería preciso realizar unha revisión total do acordo ou ben deixalo íntegramente sen efecto, sendo preciso sinalar ademáis que a esta Secretaría non lle consta que fora publicado no seu día. Dado que ata o momento como xa se indicou ningún funcionario ou funcionaria pretendera a súa aplicación nin tampouco o grupo de goberno (con excepción do que se refire ao pago de horas extras da policía local) ata o momento por parte das informantes non se procedeu a emitir recomendacións para solventar a situación descrita.

Non obstante tendo coñecemento da solicitude dalgún funcionario para que se lle realice o abono de premios a constancia, e en tanto non se proceda a revisión total do ACORDO REGULADOR DAS CONDICIÓNS DE TRABALLO PARA O PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA, ou a declarar a súa inaplicación, por motivos de seguridade xurídica é preciso neste momento a criterio das informantes que se declare con urxencia a ilegalidade, e a non aplicabilidade polo tanto, dos artigos 34 e 40 do ACORDO REGULADOR DAS CONDICIÓNS DE TRABALLO PARA O PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA, sen prexuízo de reiterar que moitas outras disposicións do acordo son tamén ilegais polo que deberá instarse aos servizos xurídicos á revisión total do acordo.

En canto o procedemento a seguir, levada a cabo a negociación colectiva procede á aprobación polo Pleno do Concello, de conformidade co disposto no artíf 22.2.i) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases del Réxime Local.”

PROPONSE

1) Declarar expresamente a ilegalidade, e polo tanto a non aplicabilidade, dos artigos 34 e 40 do ACORDO REGULADOR DAS CONDICIÓNS DE TRABALLO PARA O PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA.

2) Instar ós servizos xurídicos a que procedan á revisión total do ACORDO REGULADOR DAS CONDICIÓNS DE TRABALLO PARA O PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA. (...).”

Vista a acta da Mesa Xeral de Negociación de data 19/12/2022.

Sen producirse debate a proposta resulta **aprobada, cos votos a favor dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE (1, e 1 a Alcaldesa), do concelleiro do grupo municipal “ÁXIL”, Ramón Gómez Salgado (1), e dos concelleiros do Grupo Mixto Manuel Pérez Campos e Ramiro Rodríguez Suárez (2), co voto a favor da concelleira Non Adscrita Montserrat Lama Nóvoa (1), e coa abstención dos concelleiros do Grupo Municipal Popular (3), coa seguinte proposta de acordo:**

1) Declarar expresamente a ilegalidade, e polo tanto a non aplicabilidade, dos artigos 34 e 40



Cod. Validación: 64ER6CCLLEGD2GTPQLY7EZWFEE9 | Corrección: <https://xinzodelimia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 22 a 46



Concello de Xinzo de Limia

do ACORDO REGULADOR DAS CONDICIÓNS DE TRABALLO PARA O PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA.

2) *Instar ós servizos xurídicos a que procedan á revisión total do ACORDO REGULADOR DAS CONDICIÓNS DE TRABALLO PARA O PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA. (...)*”

Sen producirse debate a proposta **resulta aprobada por unanimidade, adoptándose o seguinte acordo:**

1) ***Declarar expresamente a ilegalidade, e polo tanto a non aplicabilidade, dos artigos 34 e 40 do ACORDO REGULADOR DAS CONDICIÓNS DE TRABALLO PARA O PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA.***

2) ***Instar ós servizos xurídicos a que procedan á revisión total do ACORDO REGULADOR DAS CONDICIÓNS DE TRABALLO PARA O PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA.***

Expediente 7255/2022. Moción do Grupo de Goberno sobre a problemática vivida polas traballadoras do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar:

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Consta no expediente o ***Ditame da Comisión Informativa de Igualdade, Participación Cidadá, Comunicación e Persoal***, do día 22/12/2022, do seguinte teor literal:

"(...) Vista a moción presentada polo Grupo de Goberno o día 19/12/2022 (n.º 2022-E-RC-7391), do seguinte teor literal:

“(…) MOCIÓN SOBRE A PROBLEMÁTICA VIVIDA POLAS TRABALLADORAS DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR.

O grupo de Goberno do Concello de XINZO DE LIMIA formula para o seu debate e aprobación , a seguinte Moción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A finais do pasado ano publicase a *Ley 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urgentes para la reducción de la temporalidade en el emprego público.*

Coa finalidade de minimizar a temporalidade nas Administracións públicas, a dita Lei contempla dous supostos:

* Un **proceso de estabilización** para as prazas de carácter estrutural que estiveran ocupadas ininterrompidamente a lo menos nos tres anos anteriores ó 31 de decembro de 2020 (art.2), cun sistema de selección de **concurso-oposición**.

* Un **proceso de estabilización extraordinario** de emprego temporal de longa duración para aquelas prazas de carácter estrutural que estiveran ocupadas de forma ininterrompida con anterioridade ó 1 de xaneiro de 2016, cun sistema de selección de **concurso**.

Todas as Administracións deben, para ambos casos, ter publicadas as convocatorias dos procesos de estabilización antes do 31 de decembro de 2022, motivo que xustifica a urxencia desta moción.

Así, a practica totalidade das Administracións están traballando en criterios que valoren prioritariamente, nas fases de concurso, a experiencia das persoas concursantes nas propias prazas das administracións que son obxecto da convocatoria. E dicir, nos criterios para estabilizar o posto de traballo dunha auxiliar administrativa deste concello, se valorara máis a experiencia dunha auxiliar administrativa que leve ocupando a praza neste concello, que a experiencia doutra auxiliar administrativa doutro concello ou, por suposto, doutra administración diferente a local. Non facelo así, non só sería desvirtuar o sentido da Lei, senón que sería un prexuízo para a propia





Concello de Xinzo de Limia

Administración, que non obtería profesionais con experiencia contrastada para o desenvolvemento do traballo específico nas prazas convocadas.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, segundo os seus Estatutos, *é unha entidade de dereito público de carácter interadministrativo, con **personalidade xurídica propia e diferenciada da dos entes consorciados**, do cal forman parte a **Xunta de Galicia e os concellos galegos**, que concorreron inicialmente á súa formación, subscribindo o convenio do 6 de xullo de 2006, así como todos aqueles incorporados con posterioridade, a través dos correspondentes convenios, segundo o previsto no artigo 33 dos seus estatutos. Na actualidade está integrado por **285 concellos e 5 mancomunidades** (DOGA do 1 de decembro de 2020). Por tanto, o Consorcio Galego, non é a Xunta de Galicia, e as súas traballadoras, non son traballadoras da Xunta de Galicia.*

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar converteuse nunha das Administracións con maior taxa de temporalidade, pasando do 90 %; unha temporalidade que afecta indiscutiblemente a mulleres, xa que, máis do 95% das máis de 2000 persoas que traballan nel, son mulleres.

Estas profesionais atenden a unha media anual de case 20.000 persoas e familias usuarias nos seus distintos servizos: Escolas Infantís, Centros de Día, Centros Residenciais, Vivendas Comunitarias, Oficinas de Igualdade e Benestar ou o Servizo de Xantar na casa.

A Xunta ten iniciado o proceso de elaboración de criterios para a baremación de méritos das prazas do Consorcio que saen a proceso de estabilización e que afectan a máis de 1300 profesionais.

Nos borradores que se coñecen, **non valoran prioritariamente a experiencia das profesionais no Consorcio para seguir ocupando a súa praza**, senón que igualan a baremación desta experiencia das profesionais do Consorcio, con profesionais doutras Administracións diferentes, como é a Xunta de Galicia, e que nunca traballaron no Consorcio. Analogamente, sería como si para estabilizar unha praza deste concello, se valorase o mesmo a experiencia no posto deste concello, que a experiencia dun posto na Deputación.

Si os criterios non mudan, para unha praza de psicóloga dunha residencia de maiores do Consorcio, se puntúa igual a unha profesional que leva ocupando esa praza 15 anos, que a outra psicóloga da Xunta de Galicia, que leva 15 anos traballando no ámbito da prevención das drogodependencias. Para unha praza de mestra nunha escola infantil do Consorcio, que atende a nenos de 0 a 3 anos, se valoraría igual a unha mestra que leva 15 anos ocupando este posto, que a outra mestra que ten 15 anos de experiencia na Xunta de Galicia educando a nenos e nenas de 5 e 6 anos, pero que ten 0 experiencia con bebés.

Estas profesionais do Consorcio son as mesmas ás que, dende a Xunta, se lles daban medallas de recoñecemento profesional polo seu traballo en primeira liña, no peor da pandemia, nas residencias de maiores, e pola súa atención e profesionalidade nas residencias integradas onde se coidaba e atendía a todas as persoas maiores con COVID.

Estas profesionais están na actualidade nunha folga que se estende durante os primeiros quince días de mes, entre setembro e decembro. Unha folga á que se ven obrigadas para conseguir que na fase de concurso se lles valore con prioridade a súa experiencia e bagaxe profesional, máis que demostrada neste últimos quince anos.

Non facelo, ademais de constituír unha anomalía no cumprimento do espírito da lei 20/2021 de resarcir o dano causado polo abuso de temporalidade nas Administracións, conlevaría o desmantelamento dos equipos profesionais dos centros atendidos, dada a altísima temporalidade das traballadoras do Consorcio, e un dano económico para a propia Administración en indemnizacións que pagamos todos.

Por estes motivos, solicita do Pleno da Corporación Municipal do Concello de XINZO DE LIMIA a adopción dos seguintes acordos:

- * Instar a Xunta de Galicia a que a que cumpra a lei e negocie de boa fe co Comité de Folga, intentando chegar a acordos sobre os motivos da mesma.
- * Instar a Xunta de Galicia a que nos criterios de baremación de méritos no proceso de





Concello de Xinzo de Limia

estabilización e de estabilización extraordinaria referidos, se puntúe prioritariamente a experiencia das profesionais nos postos de traballo específicos desenvoltos no Consorcio Galego.

* Trasladar estes acordos ó Presidente da Xunta de Galicia instando a que actúe en consecuencia e resolva esta grave problema con carácter inmediato. (...)"

Sen producirse debate a moción resulta **aprobada, por unanimidade, coa seguinte proposta de acordo:**

*** Instar a Xunta de Galicia a que a que cumpra a lei e negocie de boa fe co Comité de Folga, intentando chegar a acordos sobre os motivos da mesma.**

*** Instar a Xunta de Galicia a que nos criterios de baremación de méritos no proceso de estabilización e de estabilización extraordinaria referidos, se puntúe prioritariamente a experiencia das profesionais nos postos de traballo específicos desenvoltos no Consorcio Galego.**

* Trasladar estes acordos ó Presidente da Xunta de Galicia instando a que actúe en consecuencia e resolva esta grave problema con carácter inmediato. (...)"

Sen producirse debate a moción **resulta aprobada, por unanimidade, adoptándose o seguinte acordo:**

*** Instar a Xunta de Galicia a que a que cumpra a lei e negocie de boa fe co Comité de Folga, intentando chegar a acordos sobre os motivos da mesma.**

*** Instar a Xunta de Galicia a que nos criterios de baremación de méritos no proceso de estabilización e de estabilización extraordinaria referidos, se puntúe prioritariamente a experiencia das profesionais nos postos de traballo específicos desenvoltos no Consorcio Galego.**

* Trasladar estes acordos ó Presidente da Xunta de Galicia instando a que actúe en consecuencia e resolva esta grave problema con carácter inmediato.

Expediente 7258/2022. Moción do Grupo de Goberno para que a Corporación Municipal emita unha declaración institucional solicitando unha moratoria eólica na Comarca da Limia:

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 5, Ausentes: 0

Consta no expediente o **Ditame da Comisión Informativa de Medio Rural e Natural**, do día 22/12/2022, do seguinte teor literal:

"(...) Vista a moción presentada polo **Grupo de Goberno** o día 19/12/2022 (n.º 2022-E-RE-7396), do seguinte teor literal:

"(...) A plataforma STOP EÓLICOS XURÉS CELANOVA diríxese aos grupos que forman a corporación municipal de Xinzo de Limia para que tramiten o debate en pleno e apoiem os termos da seguinte MOCIÓN PARA QUE A CORPORACIÓN MUNICIPAL EMITA UNHA DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOLICITANDO UNHA MORATORIA EÓLICA NA COMARCA DA LIMIA.

Exposición de motivos

Nos últimos anos desde a pandemia de 2020 incrementouse e acelerouse a tramitación de proxectos industriais de explotación de enerxía eólica no Estado e na Galiza até o punto de que tanto a Administración autonómica como a estatal, encargadas de avaliar inxentes cantidades de documentación, maniféstanse publicamente desbordadas. Na actualidade, no conxunto do país, hai





Concello de Xinzo de Limia

384 proxectos de macro centrais eólicas en diferentes fases de tramitación Galiza, excendentaria en xeración de enerxía eléctrica a través de fontes renovábeis, está a ser transformada nun “territorio de sacrificio” ao servizo das grandes corporacións enerxéticas. Aquí fican esmolos e un gravísimo impacto ambiental e social que se pode resumir en:

- infraestruturas desmesuradas con aeroxeradores de 200 metros de altura.
- polígonos que inclúen aldeas enteiras, lugares e casas.
- liñas de alta tensión que invaden veigas, ríos e montes protexidos con quilómetros e quilómetros de torres e cables.
- efectos prexudiciais para a saúde das persoas e dos animais.
- efectos prexudiciais para a paisaxe e a relación cos nosos lugares identitarios.

Non son infraestruturas públicas, son empresas que privatizan o territorio e os recursos de todas e todos para servir intereses alleos ao país en nome dunha chamada transición ecolóxica que non supón cambio de modelo ningún en canto ao consumo de enerxía, a propiedade e a distribución do recurso.

